

Xela Arias*

Autopoética

Sábeme ti dicir desta sorte de soltos.
Eu non sei máis.
Nin moito máis me importa, non penses.

Compaxínome coa vida diaria e sei
o preciso para estarabouzar por veces esta sida grotesca
a nos manter tan homes e mulleres:
Afectados.

Síndrome
de sabérmonos sen tódalas defensas.
Síndrome
que traíamos adquirida e agora sumamos.

Síndrome, conta con iso, que en min alimento
para buscarme negra, si, negra, negra e afectada.

O resto,
o resto, como un aire de taller.

(*) Xela Arias Castaño naceu en Lugo o 4 de marzo de 1962. Na actualidade, vive en Vigo, onde realiza traballos de colaboración como *editor* en Edicións Xerais de Galicia, concretamente para as coleccións Xerais Universitaria e Biblioteca das Letras Galegas. Ademais, está a cursar os estudos de Filoloxía Hispánica.

Xela Arias levou a cabo moitos traballos de tradución, o último dos cales é a versión ó galego da novela de James Fenimore Cooper *The Last of the Mohicans* -1826- (*O derradeiro mohicano*).

Colabora habitualmente en revistas (*Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza*, *Dorna*, etc.). Ata o de agora, publicou dous poemarios: *Denuncia do equilibrio* (1986) e *Tigres coma cabalos* (1990).

Independencia 1

Convoca a palabra e chama a distancia
co eco ós retrasados.

Pregúntalles por que decidir inclúe acordar
e resolverse,

por que só elixe quen é dono
da fame e a opulencia que conte en
tódolos poemas das patrias todas
–acollidas ou rexeitadas–.

Convoca a palabra e sabe
que escribe-la letra dos desterrados,
que apostas entre os dedos dos satisfeitos.
Independencia, dis,

só es unha area que está de máis
na democracia telediaría desta escena.
Así nos borran.

Independencia 2

Independénciome para que eu saiba
onde quero estar atada, onde
as fronteiras ou a morte das fronteiras,
onde
a man espada levanta e anota
media terra, media historia, media
lingua desmedida que non usa
máis có silencio da espera en media guerra.

Norte do meu Sur

En Túnez

Mesmo no deserto

a rosa medra

–esa flor tremenda–.

Se non auga e brisa, area sobre area
será en abrazos,

teimuda e sorprendente.

Disforme e ingobernable abrolla o pétalo e medra;
disformes e ingobernables amoréanse eles:

Neste trozo do seu norte
Africa Rebenta.

No Sahara

Barréname fosfatos cunha sombra do meu aceno saharai.
Como se laia esta area de rotas fantásticas sen rotas marcadas.
Barrena a civilización da metralla e deixádeme
afia-la daga enferruxada.
É meu o ventre nocturno, area, a enorme marexada.
Nin de man a man:
Miña a terra, o aire da chilaba.

Soldados

Porque bebes na fonte das dúbidas, sospeitas.
Porque hábita-la esperanza, sancionas.
Así sabes ti da elevada simetría das batallas.
Así conviñas pola muda da historia.
Que tal ve-la necesaria imposible inocencia dun minúsculo/
poder calquera?
Abrázome noutra revolución pendente.

Non vou ser soldado.
Poño a man
e cáenme milleiros de causas comúns polos dedos estirados.
Non vou ser soldado.
Sancióna-la mesquindade que os desexos tamén gardan?

Porque se línda-la utopía, atrévete agora e avanza.
Tamén ti ocultas
verdadeiros motivos en risas desencaixadas.
Así que abrázate nesoutra revolución necesaria.

Sería-lo mellor soldado, e mais cantas veces
mórrenche tódalas batallas.

Que me compartas se me falo de nada,
que comigo me compartas finalmente entre as cortinas,
que somos nos vasos e automóbiles un compárteme
subliñado de pareceres.

Sospéitame como amámo-lo trastorno das nosas mans
á procura de nada que vén tan enorme-
mente importante ós nosos colos traballosos.

Sábenos
amantes na urxencia do cámbiame
de sitio o mundo que afirmamos.

Así podo eu araña-lo peito que conteño
cos teus meus dedos.

Non hai, si que non hai
idioma abondo.

Non hai idioma abondo para recoñecérmonos.

Pero ti e mais eu e nós,

se nos sabemos sabémonos
desde os espacios en branco.